

## REGULAMENTO DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DAS TITULACIÓNS DE GRAO COMÚNS

Aprobado en Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra (10/10/2018), da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense (09/07/18) e da Escola Universitaria de Maxisterio CEU de Vigo (07/11/18).

### 1. Introducción

Dado que as titulacións de grao de Educación Infantil e Educación Primaria se imparten en máis dun centro da Universidade de Vigo (Facultade de Ciencias de Educación de Ourense, Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra e a Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo), require dunha Comisión de Coordinación.

O obxecto principal do presente documento é establecer o regulamento, competencias e dinámicas de funcionamento da Comisión de Coordinación.

Na elaboración deste documento tívose en consideración como normativa básica a seguinte:

- Os Estatutos e Regulamentos Xerais da Universidade de Vigo.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias de Educación de Ourense, Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra e da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión de Garantía Interna de Calidade das devanditas Facultades e Escola Universitaria.

### 2. Ámbito de aplicación

A aplicación deste regulamento abrangue, segundo corresponda, ás titulacións de Grao comúns aos tres centros.

### 3. Funcións da Comisión de Coordinación Intercentros

A Comisión de Coordinación Intercentros concíbese como das Facultades de Ciencias de Educación de Ourense, de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra e da Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo. As súas funcións son as seguintes:

- Promover a coordinación das titulacións intercentros en todas as tarefas, potenciando, recollendo, analizando e propondo solucións e melloras dos diferentes colectivos implicados.
- Contribuír nas tarefas asociadas aos procesos de avaliación (Seguimento/Acreditación) das titulacións establecidos polos órganos competentes.
- Recoller a información relacionada cos procedementos establecidos no Sistema Interno de Garantía de Calidade.
- Coñecer o estado da cuestión en relación co desenvolvemento do título nos diferentes centros, así como contribuír á resolución dos problemas que afecten globalmente ás titulacións e non de forma particular a cada un dos centros implicados.

#### 4. Composición da Comisión de Coordinación

- Compoñen a Comisión de Coordinación:
- As persoas que exerzan as funcións de decana/o ou director/a dos respectivos centros.
- Coordinadoras/es de grao dos respectivos centros.
- Responsables de calidade dos respectivos centros.

A presidencia recaerá por acordo nun decano/a ou director/a dos respectivos centros. A secretaría recaerá nun dos coordinadores/as de grao. Tanto a presidencia coma a secretaría renovarase cada tres anos.

#### 5. Convocatorias e reunións da Comisión de Coordinación

**O/a Secretario/a da Comisión** convocará por orde do/a Presidente/a as reunións da Comisión e enviará as citacións ós membros desta. Así mesmo, calquera membro da Comisión poderá solicitar, xustificadamente, a celebración dunha reunión extraordinaria. A comisión terá a potestade de valorar a súa necesidade.

As convocatorias das reunións da Comisión de Coordinación faranse mediante comunicado por correo electrónico a todos os membros da Comisión. O comunicado enviarase como mínimo con 2 días de antelación (agás cando se trate de asuntos extremadamente urxentes que poderá reducirse á metade) e nel constará o lugar, día e hora da reunión. Así mesmo, incluirase a orde do día cos asuntos que se van abordar.

Correspóndelle ao/á Presidente/a, ou persoa que o/a substitúa, presidir as sesións e moderar os debates.

Nas reunións da Comisión poderán participar por convite persoas alleas con funcións de asesoramento cando os asuntos a tratar así o requiran. Estes convidados terán voz pero non voto.

## **6. Adopción de acordos e toma de decisións**

As decisións da Comisión tomaranse por asentimento, e de non ser posible porla maioría cualificada dos dous tercios.

A Comisión trasladará os acordos tomados aos órganos competentes ou persoas responsables.

## **7. Actas de reunión da Comisión de Coordinación**

O/a Secretario/a da Comisión levantará unha acta de cada reunión que será enviada vía electrónica a todos os membros da Comisión para a súa aprobación na seguinte reunión ordinaria.

A acta asinarase pola/o secretaria/o da Comisión de Coordinación Intercentros e contará co visto e prace da/do Presidenta/e.

## **8. Aprobación e reforma da Comisión de Coordinación**

A aprobación e reforma é responsabilidade das respectivas Xuntas de Centro. A Comisión entrará en vigor unha vez sexa aprobado polas tres Xuntas de Centro.